



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 1 DE ABRIL DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día un de abril de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 1 DE MARZO DE 2024.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 1 de marzo de 2024.

2.- APROBACIÓN MEMORIAS OBRAS PLAN PROVINCIAL DEPUTACIÓN 2024.- Unha vez aprobado pola Deputación Provincial o Plan Provincial de obras e servizos municipais 2024, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

- Aprobar as memorias valoradas das actuacións “SUBSTITUCIÓN DE POZO DE SANEAMENTO EN BEADE”, cun orzamento de 3.302,76, “MELLORA VIAL ACCESO A VIEITE”, cun orzamento de 8.920,63 €, “MUROS DE CONTENCIÓN EN BEADE E AS REGADAS”, cun orzamento de 13.247,76 € e “ACONDICIONAMENTO EXTERIOR VESTIARIOS POLIDEPORTIVO DE BEADE”, cun orzamento de 14.299,87 €..
- Facer constar que as obras non incorren en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente.
- Manifestar que existe dispoñibilidade de terreos necesarios para levar a cabo as actuacións.
- Que as obras son conformes coa legalidade urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón de todas as autorizacións necesarias para a súa execución.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

3.- SUBVENCIÓN INORDE PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PROPIOS DE OURENSE.- Dase conta das Bases aprobadas polo Inorde para a finalidade resinada.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban solicitar ao Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), organismo autónomo da Deputación de Ourense, subvención por valor de 5.096,00 € para celebrar o acto "O viño, un compañeiro de vida", cun orzamento total previsto de 7.280,00 €.

4.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. FLORENTINO CLARO GONZÁLEZ, con domicilio en Rúa Cabo de Vila (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 2067404NG7826N0001WR, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar pintado exterior de vivanda, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 2.300,00 €..... 46,00 €.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández Loureiro